



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 20.11.2018**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 20.11.2018

HORA DE COMEZO: 12:10 h.

HORA DE REMATE: 12:55 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. José M^a Franco García

D^a Marta Iglesias Bueno

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

NON ASISTEN

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. César Blanco Gómez

ESCUSAN ASISTENCIA

D^a Mercedes Castro Mouzo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, día 20 de novembro de 2018, ás 12:10 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11.10.2018).
2. Informe do presidente.
3. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración presentada pola Facultade de Belas Artes para a impresión dun catálogo "Do final e do comezo do curso".
4. Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda económica presentada pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, para organizar a Gala do Deporte da Universidade de Vigo.
5. Acordo que proceda sobre a petición presentada polas Aulas de Formación Aberta, alumnos do programa de maiores da Universidade de Vigo, para o curso 2018/2019.
6. Aprobación, se procede, da convocatoria de Prácticums para o curso 2018/2019 e da dotación económica correspondente, para elevación ao Pleno.
7. Aprobación, se procede, da Memoria de Actividades do Consello Social correspondente ao ano 2017, e da edición da publicación en soportes dixital e impreso.
8. Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada polo profesor Fernando Ramos para a presentación do libro "Libertad de expresión y daños a la Corona".
9. Rogos e preguntas.

Don Ernesto Pedrosa comeza, como é habitual, agradecendo a asistencia dos membros da Comisión presentes na sesión, e desculpa a asistencia de dona Mercedes Castro.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11.10.2018).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Dá conta don Ernesto Pedrosa das axudas concedidas pola Comisión durante o actual exercicio. Así mesmo notifica que a iniciativa "Xoves para xoves", consistente nun proxecto de voluntariado universitario para promover os dereitos humanos en centros escolares, principiará coa formación dos días 10 a 14 de decembro, e continuará coas accións nos institutos entre xaneiro e abril de 2019. Finalmente, informa da necesidade de prorrogar o acordo con Biela Comunicación para a actualización de contidos e mantemento da páxina web do Consello Social. Aclara que a relación actual remata en decembro, e trátase de darlle continuidade nas mesmas condicións establecidas, ata que se tome un novo acordo na próxima reunión.

- ***Os asistentes dan a súa conformidade á proposta.***



PUNTO 3

Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración presentada pola Facultade de Belas Artes para a impresión dun catálogo "Do final e do comezo do curso".

Explica o presidente que a Facultade de Belas Artes de Pontevedra elabora anualmente un catálogo da exposición do final e do comezo de cada curso, que se celebra no Pazo da Cultura de Pontevedra con una selección das obras dos estudantes que rematan o Grao. Esta mostra é a primeira oportunidade que teñen os alumnos de participar nunha experiencia profesional cara á cidadanía. Vistos os orzamentos presentado, a Comisión ACORDA:

- ***Aprobar unha axuda de 2.184,07 € máis IVE.***

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda económica presentada pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, para organizar a Gala do Deporte da Universidade de Vigo.

Este evento celébrase nesta edición no Auditorio do Concello de Vigo. O principal obxectivo é difundir e sensibilizar á sociedade sobre a importancia do deporte, con especial recoñecemento a quen o practican dentro da comunidade universitaria. A maiores de galardoar o deporte de competición máis destacado, inclúense premios á traxectoria vital e á solidariedade, co obxectivo de fomentar valores como a superación persoal, o esforzo ou a igualdade de oportunidades. A Comisión ACORDA:

- ***Conceder unha asignación de 2.800 €.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a petición presentada polas Aulas de Formación Aberta, alumnos do programa de maiores da Universidade de Vigo, para o curso 2018/2019.

Para o principio do curso 2018/2019, os alumnos do Programa de maiores da UVigo organizan distintas actividades complementarias aos seus estudos dentro da universidade. Destacan entre elas un Cine Forum, un coro, sesións de formación e información que se retransmiten vía internet e saídas culturais, entre outras. Con estas iniciativas, que don Ernesto Pedrosa salienta polo seu interese, favorecen tanto a integración social dos maiores como as relacións interxeracionais, e, consecuentemente, a súa implicación e participación activa en convocatorias deportivas, culturais, recreativas, divulgativas ou de ocio. A Comisión ACORDA:

- ***Conceder unha axuda de 1.600 €.***

PUNTO 6

Aprobación, se procede, da convocatoria de Prácticums para o curso 2018/2019 e da dotación económica correspondente, para elevación ao Pleno.

Valóranse os resultados acadados en anteriores convocatorias e a favorable acollida que teñen estas axudas nos centros, porque permiten desenvolver actividades de formación práctica dirixida aos estudantes que doutro xeito dificilmente se poderían realizar. Resume que no curso anterior foron atendidas as peticións de once centros, aos que se concederon axudas comprendidas entre os 1.200 e os 3.600 €. Proponse abrir unha nova convocatoria para o curso 2018-2019 mantendo as bases e a asignación económica global de 30 mil euros, cun máximo de 5.000 € por centro. Intervén o secretario para comunicar que se ten detectado o interese dalgúns responsables de Mestrados solicitando a inclusión nestas axudas, polo que se lle solicitou un



informe á UVigo sobre a conveniencia de incorporalos, se ben engade que, salvo mellor opinión, non parece aconsellable porque altera os obxectivos polos que foron creados e que se centraban en apoiar a aprendizaxe preprofesional dos alumnos de Grao.

- ***A Comisión dá a súa aprobación inicial á convocatoria nos termos actuais, á espera do informe solicitado por se procedese revisar o acordo, ben dende o Pleno ou dende a propia Comisión.***

PUNTO 7

Aprobación, se procede, da Memoria de Actividades do Consello Social correspondente ao ano 2017, e da edición da publicación en soportes dixital e impreso.

Avaliase o contido da Memoria, consonte o recollido no artigo 75.2b da Lei 6/2013 do Sistema universitario de Galicia. Os asistentes intercambian impresións sobre o número de exemplares que se propón e sobre a distribución en soporte impreso e dixital, así como os destinatarios das Memorias, aspecto no que incide especialmente don José María Franco. A Comisión ACORDA:

- ***Autorizar a edición de 300 exemplares por 4.582,20 €, ademais de 50 pen drives por 1.051 €.***

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada polo profesor Fernando Ramos para a presentación do libro "Libertad de expresión y daños a la Corona".

Expón don Ernesto Pedrosa a petición do profesor xubilado da Universidade de Vigo don Fernando Ramos, quen demanda apoio ao Consello Social para presentar o libro da súa autoría "Libertad de expresión y daños a la Corona", que será de distribución gratuíta. Acordase colaborar na presentación da obra, prevista nun acto a celebrar dentro do recinto universitario pero con carácter público. O presidente destaca a longa colaboración do profesor Ramos con actividades do Consello Social durante os últimos anos. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar unha axuda máxima de 1.200 € para a organización do evento.***

PUNTO 9

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:55 horas do 20 de novembro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias